

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 375/2009, DO 18 DE XUÑO .**

Mediante Resolución de Alcaldía nº 297/2009 do 26/05, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de “obra ou servicio determinado”, dunha praza de técnico na oficina técnica municipal para a aplicación das normas do hábitat para o ano 2.009, no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 5 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal “La Voz de Galicia” e na web do Concello, tal como establecían as bases, procedeuse mediante resolución nº 368/09 do 15 de xuño, a aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos no citado procedemento de selección, resultando tódolos aspirantes admitidos excepto D<sup>a</sup>. Mónica García Soage con D.N.I nº 52.498.422-W, que resultou excluída provisionalmente por ter presentado a súa instancia fora de prazo.

Publicada a citada lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e na web do Concello con data de 15 de xuño de 2.009, e transcurrido o prazo de 2 días hábiles, establecido no punto sexto 2 das bases, sen que se teña coñecemento por esta Alcaldía da presentación de subsanción algunha dos defectos que motivaron a exclusión de D<sup>a</sup> Mónica García Soage.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos no procedemento de selección dunha praza de técnico na oficina técnica municipal para a aplicación das normas do hábitat para o ano 2.009, no Concello de Cabana de Bergantiños, por ter presentada toda a documentación, exixida nas bases de selección:

- Ayerbe Segurola, Juan Ignacio con D.N.I nº 44.169.371-X.
- Caamaño Puñal, Javier Enrique con D.N.I nº 79.311.097-J.
- Cotoya Díaz, Vanesa con D.N.I nº 33.539.644-D.
- Gómez Manzano, M<sup>a</sup>. Carmen con D.N.I nº 44.470.410-W.
- Rey Mancebo Andrés Laureano, con D.N.I nº 76.350.774-C.
- Rivas Negreira Vicente, con D.N.I nº 76.340.632-K.

**SEGUNDO:** Excluir definitivamente, polos motivos que a continuación se indican aos seguintes aspirantes:

- García Soage Mónica con D.N.I nº 52.498.422-W.

Presenta a solicitude fora do prazo de 5 días naturais concedidos para a presentacións de instancias, xa que foi presentada no rexistro de entrada da Delegación Provincial de Xunta de Galicia de Pontevedra con data de 5/06/2009, e o prazo remataba o día 2/06/09.

**TERCEIRO:** Convocar igualmente ao Tribunal de selección para **o venres 19 de xuño de 2.009 ás 14:00 h**, para a realización das entrevistas curriculares e posterior valoración dos méritos presentados polos aspirantes. De conformidade co previsto na base sexta punto 1, designar como membros do Tribunal de Selección:

- Presidenta: D<sup>a</sup>. Gema Vázquez López. (Interventora do Concello)
- Secretario: D. Federico M. Suárez Cancelo (Secretario do Concello).
- Vocais: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Elisa Fernández Gonzalez. (funcionaria do Concello).
- D<sup>a</sup>. Silvana Facal Martínez (persoal laboral fixo do Concello).

**CUARTO:** Convocar igualmente a tódolos aspirantes admitidos na presente resolución, para que se presenten o día **19 de xuño de 2.008 ás 14:00 horas** na Casa do Concello de Cabana de Bergantiños (A Carballa s/n-Cesullas) co fin de proceder a realizar a entrevista curricular prevista no punto 8.3.7 das bases de selección.

**QUINTO:** Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello ([www.concello-cabana.com](http://www.concello-cabana.com)) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución nº 297/2009 do 26/05.

**SEXTO:** Ó considerarse un acto de trámite cualificado, si se desexa impugnar a presente resolución, procede interpoñer recurso contencioso - administrativo ante o xulgado no prazo de dous meses a contar a partir do día da súa notificación ou publicación.

Alternativamente, e de xeito potestativo, se pode interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou a presente resolución, no prazo de un mes a contar a partir da súa notificación ou publicación.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente en Cabana de Bergantiños, o 18 de xuño de 2.009, do que eu, Secretario, dou fe.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

**Ante min  
O SECRETARIO**

**Asdo.: José Muíño Domínguez**

**Asd: Federico Suárez Cancelo**